

15 de xuño...case preparados para as vacacións de verán...16, 17, 18, 19...20!!!! Comeza a conta atrás para rematar!

****1º.** Lembra de a **tarefa que tedes algún pendentes para o video de final de curso.** Consultade PDF da semana pasada.

****2º.** Revisar datos dos traballos sobre o covid 19 (no blog de 5º e 6º)...observade se hai algún cambio dende que se fixeron ata agora, tamén se todos se corresponden coa nova realidade, aprender os que non sabades (para velo ampliado, levade o cursor á esquina superior dereita, hai uns cadradiños que nos dan a opción de "**copiar**", abrimos unha nova xanela no ordenador ou tablet e "**pegamos**"). Todos os traballos teñen o mesmo mérito, grazas de novo polas aportacións de todos e todas.

****3º.** Ver de novo o video das imitacións dos cadros dos profes. Sabedes o nome dalgunha das obras? Recoñecedes ós mestres e mestras do voso colexio? Rétovos a buscarnos! Douvos unha pista, a vosa titora aparece en 4 . Cales?

****4º.** As vosas familias tamén merecen un recoñecemento especial, tamén se esforzaron moito durante este tempo e recibíchedes a súa axuda. Vos tedes o voso diploma, que vos parece que lle fagades un a elas? Douvos unha idea, podedes colorealo, engadir adornos, escribir os nomes das persoas especiais da casa que credes que o merecen, completar a data e asinar co voso nome. Logo entregádello con todo o cariño ao igual que o fan eles e elas. Tamén podedes facer un, inventado por vos. (Modelo de diploma na seguinte páxina)

*****PREPARACIÓN VIDEOCONFERENCIA FINAL DE CURSO, 18 de xuño. Comezo entre ás 15:00 e 16:00 h. Remate ás 18:45 h.**

1. Unirse á reunión entre as 3 e as 4 da tarde da mesma forma que nas anteriores. Se o precisades, mando enlace de novo ao correo electrónico.
2. Mentres vos ides unindo todos e todas, iniciaremos rolda de **CHISTES E TRABALINGUAS**.
3. **É un día especial !** Podemos disfrazarnos, poñer algún complemento, maquillaxe, caroutas, máscaras, sombreiros...



Dous enlaces para facer sombreiros de copa...<https://www.google.com/url?sa=i&url=https%3A%2F%2Fhappythought.co.uk%2Fproduct%2Fcom-o-hacer-mini-sombrero-de-copa%2F&psig=AOvVaw1cRuLN1m68g1ygqxKLEplj&ust=1592315172712000&source=images&cd=vfe&ved=2ahUKEwixqZiz-oPqAhUk1-AKHSexD4IQr4kDegUIARCPAQ>

...<https://www.google.com/url?sa=i&url=https%3A%2F%2Fwww.youtube.com%2Fwatch%3Fv%3DD672ObRc42Q&psig=AOvVaw1cRuLN1m68g1ygqxKLEplj&ust=1592315172712000&source=images&cd=vfe&ved=2ahUKEwixqZiz-oPqAhUk1-AKHSexD4IQr4kDegUIARCIHQ>

4. **DEBUXA OU MAQUILLA** algunha parte do teu corpo (cara, man, brazo, perna, pé...) .Cando fagas a **DESCRIPCIÓN** os demais terán que **ADIVIÑAR** que é o teu debuxo...
5. **PASAPALABRA**. Busca e escribe a definición de varias palabras que empecen coa inicial do teu nome e coa de cada un dos teus apelidos. (Pensa se ti serías capaz de adiviñalas, para non poñelo demasiado complicado).
6. **CONCURSO DE TALENTOS**. Que sabes facer? Aguantar unha culler no nariz, tocar as orellas cos pés, malabares cunhas pelotas, facer soar unhas copas, tocar un instrumento, facer equilibrios, ...pensa e bota a voar a imaxinación para que resulte unha actividade divertida , interesante e variada.
7. **PALABRAS ENCADENADAS** (Última sílaba → 1ª sílaba da seguinte palabra)
8. **Convertir unha forma sinxela nun debuxo** (Ex. 2 círculos → un boneco de neve). Pensade ideas...

TEDE PREPARADO O ESPAZO PARA O QUE VAIADES FACER, O CARGADOR, LIBRETA E LAPIS/ROTU. Podedes convidar a alguén que queira participar con vós.



DIPLOMA

DE

RECOÑECIMIENTO

Por seu esforzo, dedicación e colaboración da familia.

En especial para




A titora de 5º.

Monica D. N.

MOITAS GRAZAS.

En Sofán, de xuño de 2020.



O fillo/a e alumno/a de 5º.